

Asesoramento CEIP nº 2 Tui

UBUNTU

Itinerario formativo:

Sesión 1. Introducción a Ubuntu a partir dun Live CD

Sesión 2. Instalación de Ubuntu na aula de informática. Arranque dual dos equipos.

Sesión 3. Traballo en rede co alumnado. Escenarios posibles

Sesión 1. Funcionamento con Live CD. Distribución: Ubuntu/Abalar

- Podemos probar Ubuntu
 - Velocidade moito máis lenta
 - Ocupa moita memoria
 - Podemos probar cousas, navegar por Internet, ver aplicativos
 - Podemos comprobar se o hardware funciona correctamente con Ubuntu.
- Probando un Live CD. Modificar a secuencia de arranque. Cando acendemos o ordenador prememos na tecla F12 (normalmente, ás veces é F10). Escollemos a opción CD/DVD/CD-RW Drive despois de ter metido o Live CD na unidade lectora.

Live CD Ubuntu/Abalar. Dous usuarios

Nome de usuario	Contrasinal	Escritorio
profesor	profesor	Ubuntu Netbook Edition
root	root	GNOME

Root: é o Superusuario, ten acceso á configuración do sistema: aconsellable non entrar como root.

Actividade 1.-Iniciar sesión como profesor e cambiar o escritorio a GNOME

Iniciamos sesión como profesor. Observamos o Escritorio. Saír da sesión. Premer no usuario profesor. Fixámonos no panel inferior: aparece o escritorio Ubuntu Netbook Edition. Premer na frecha e escoller GNOME. Abrir sesión.

O aspecto de Ubuntu

Menú superior: Aplicativos, Lugares, Sistema + navegador FireFox + Centro de axuda. Área de notificación: MeMenu (nome de usuario. Redes sociais Twitter e Facebook) + menú de sesión (bloquear, saír, reiniciar,...). Indicador de rede, axuste de volume, indicador de Bluetooth, mensaxería. Miniaplicativo de data+hora: podemos engadir recordatorios (Evolution).

Actividade 2.-Configurar o miniaplicativo de data e hora para que mostre a temperatura actual mostrada ó carón da data e hora)

Lugares > Editar > Engadir: podemos introducir o nome da cidade ou a latitude e lonxitude (Google Earth). Seleccionar o fuso horario. Por exemplo: Vigo. Pulsar de novo para pechar na data.

Panel inferior: mostra unha lista de todos os programas ou xanelas abertos actualmente. Botón Mostrar Escritorio (minimiza todas as xanelas), premer de nova para restauralas. Caixas pequenas en fila: alterador de espazos de traballo: "Escritorio 1", "Escritorio 2", etc. Lixo

Fondo de escritorio: botón dereito, cambiar o fondo do escritorio (Cosmos)

Actividade 3.-Exemplo de xestión das xanelas. Abrir unha xanela, por exemplo:
Lugares > Sistema de ficheiros

Premar na barra de título e arrastrar, redimensionar (icona de redimensionado). Cambiar entre xanelas: Ficheiro > Nova xanela. Alternar con ALT + TAB

Aplicativos > Accesorios

Calculadora, Notas de Tombay, creador de CD/DVD, Editor de textos Gedit, buscar ficheiros, Facer unha captura de pantalla

Actividade 4.-Facer unha captura de pantalla e pegar no procesador de textos. Escoller nome e cartafol ou no portapapeis. Pegar en Write. Arrastrar ó lixo.

Gráficos

Xestor de fotos F-Spot (ver, editar, compartir fotos). Dia (editar diagramas)

Internet

KompoZer (crear páxinas web). Evolution (correo electrónico de Ubuntu)

Ofimática

Openoffice. FreeMind (mapas conceptuais). LaTeX Edition (procesador de documentos)

Son+vídeo

Audacity. Avidemux (editor de vídeo). Conversor de audio. Fotomatón (fotografías e vídeos con efectos divertidos)

Actividade 5.-Creación dunha imaxe co aplicativo Fotomatón. Efectos. Deformar. De novo Efectos. Sacar unha foto. Dobre clic. Editar imaxe (zoom, redución ollos vermellos (seleccionar e aplicar). Gardar. Recortar. Podemos iniciar unha gravación de vídeo, unha explicación.

Gravador Disco Braseiro. Reprodutor de filmes. Reprodutor de música Rhythmbox. Gravador de son.

Creación de novos usuarios

Sistema > Administración > Usuarios e grupos

Configuración avanzada. Privilexios de usuario. Administrar sistema. Avanzado: cartafol persoal:

/home/profesor

????????

máis programas?????. Poden estar ocultos

Actividade 6.-Incrementar as posibilidades do usuario profesor a través da Consola de Ubuntu

Aplicacións > Accesorios > Terminal

Escribimos **alacarte** (enter). Maximizar. Pechar consola.

Programas que necesitamos:

Centro de software de Ubuntu	Wine	En Sistemas/Preferencias: Bluetooth
En Sistemas/Preferencias: Conexións de rede	En Sistema/Administración: Samba	En Sistema/Administración: Xestión de actualizacións
En Sistema/Administración: Xestor de Paquetes Synaptic		

Pechar consola. Observamos os novos elementos. Por exemplo:

Sistema > Administración > Xestor de paquetes Synaptic

Actividade 7.-Conectar a unha rede con fíos e sen fíos (marcar dispoñible para todos os usuarios, para desbloquear o anel de chaves).

Centro de software de Ubuntu: Biblioteca de software

Software instalado

Obter software:

-Fornecido por Ubuntu

-Socios Canonical

Actividade 8.-Instalar Scribus, un programa de código aberto para crear publicacións por ordenador, presentacións animadas e interactivas, PDF, formularios: xornais, folletos, boletíns, libros,...

Upstream Scribus package repository. Use esta orixe. Instalar.

Actividade 9- Instalar Skype. Socios de Canonical. Use esta orixe. Instalar.

Observamos: Scribus en Gráficos; Skype en Internet!!!. Observamos o botón de Skype no panel superior. Opcións de Skype. Quit: pechar Skype.

Administración. Sistema > Administración. Activamos cousas segundo fagan falta. Por exemplo, configurar Impresoras.

Actividade 10.-Instalar unha impresora virtual, que converta documentos a PDF, listo para enviar por mail. Instalar paquete cups-pdf desde Synaptic:

a) Busca rápida. Botón dereito. Marcar para instalar. Aplicar (aparece en verde: xa está instalado).

b) **Sistema > Administración > Impresoras.** Cando imprimimos garda o

documento no directorio PDF de home

Lugares > Cartafol persoal > PDF!!!

Xestor de paquetes Synaptic: recurso máis técnico para localizar e descargar arquivos. Pregunta sempre contrasinal de usuario, motivos de seguranza.

Localizar ficheiros: **Lugares > Buscar ficheiros**

Menú Lugares: contén o Cartafol persoas, Documentos, Música, Descargas...directorios máis empregados.

Computador: navegamos polos discos

En Lugares aparecen os pinchos USB. Ficheiro > Expulsar; Ficheiro > Extraer de forma segura

Cartafol persoal: ficheiros persoais do usuario. Varios directorios dentro.

Cartafol Exemplos: documentos de exemplo.

Navegador de ficheiros **Nautilus**. Abrimos un cartafol, por exemplo o Cartafol persoal.

Barra de menú. Ver. Panel Lateral. Mostrar ficheiros ocultos, organizar elementos, pasar de iconas a lista. Si marcamos un cartafol, o abrimos: pasa a Lugares. Podemos marcar os ficheiros e directorios máis empregados.

Barra de ferramentas: cambiar a vista, o tamaño.Podemos buscar un ficheiro polo seu nome. Podemos ir atrás no explorador.

O Panel da esquerda conterá os mesmos elementos marcados.

Panel central: ficheiros e subdirectorios no directorio explorado actualmente.

Abrir ficheiros, navegar entre cartafoles. Crear un novo cartafol. Se o desexamos ocultar, un punto ó principio “.Finanzas”.

Copiar, mover ficheiros e cartafoles. Podemos seleccionar varios; cando non estean pegados empregamos CTRL mentras prememos.

Copiar a; Mover a: para mover, copiar a lugares comúns.

Outra forma: arrastrar a unha nova ubicación no panel da esquerda (Lixo)

Ficheiro > Nova xanela: arrastramos ficheiros entre dous Lugares.

Ficheiro > Novo separador

Ver > Panel adicional: arrastramos ficheiros e cartafolios

Buscar ficheiro no explorador Nautilus.

Actividade 11.-Personalizar o aspecto do Ubuntu. Botón dereito enriba dos paneis superior e inferior. Propiedades. Cor de fondo, ocultación automática, tamaño, Expandir (desactivada): se acomoda ás miniaplicacións. Botón de ocultación.

Actividade 12.-Engadir miniaplicativos. Botón dereito sobre o Panel. Aparece unha lista. Arrastramos cara a un espazo libre. Tamén podemos engadir iniciadores de aplicativos. Premer dúas veces en Iniciador de aplicativo. Navegamos e arrastramos.

Actividade 13.-Espazo de traballo. Selector de espazos de traballo, na parte dereita do Panel inferior. Premer nun deles co botón dereito. Preferencias. Podemos indicar o nº de espazos de traballo, o nome de cada un deles (Correo, Traballo...). Podemos activar "Mostrar os nomes do espazo de traballo no selector"

Actividade 14.-Apariencia. Botón dereito no Escritorio. Cambiar o fondo do escritorio (Tema/Fondo). Tema das xanelas. Por defecto Ambiance (probar). Podemos obter máis temas en liña. Probar a descargar un tema para as xanelas. Abrir con...Instalador de temas por defecto.

Conexión á rede